

Queridas familias,

En primeiro lugar, agradecemos profundamente a todas as familias socias pola súa confianza no noso labor na comunidade escolar, recoñecendo o papel esencial que desempeñades no desenvolvemento e benestar das nosas fillas e fillos.

Hoxe queremos resaltar a importancia de unirse á ANPA e como a súa participación activa pode marcar unha gran diferenza na experiencia educativa das nosas crianzas. Lamentablemente, enfrontámonos a un desafío crucial este ano, xa que se nos DENEGOU a subvención de igualdade para ANPAS debido á diminución significativa na porcentaxe de familias socias que conforman a ANPA.

É importante mencionar que, por primeira vez en catro anos, non poderemos levar a cabo o proxecto "TOURAL DIVERSO, COEDUCACIÓN NAS DIVERSIDADES". Os números falan por si sós: no curso 21/22 tiñamos 258 familias, das cales 157 eran socios, o que representaba un 60,86%. Con todo, no curso 22/23, o número de socios diminuíu a 113, o que equivale ao 43,8%. Esta baixa na participación resultou na perda de 10 puntos na nosa solicitude de subvención en comparación con convocatorias anteriores.

Ao longo de catro anos, a través do proxecto "Toural Diverso", investíronse un total de 13.000 euros en actividades que involucraron a **TODO O ALUMNADO** de todas as etapas educativas e **AS FAMILIAS** mediante a "escola de familias". Durante este proxecto, traballáronse temas fundamentais para a educación dos nosos fillos e fillas, como :

- **Igualdade de xénero**, ruptura de estereotipos, **diversidade** sexual, **autoestima** e autoconceito.
- O consumo de **pornografía** en idades cada vez máis temperás e a consecuencias
- **Respecto á diferenza** como un valor que suma.
- Fomento das relacións sociais positivas e igualitarias a partir da idea do **bo trato**.
- **A educación sexual integral** baseado nos valores do amor, empatía e respecto.
- A procura da construción de **novas masculinidades** e deconstrución de modelos sexistas
- O desenvolvemento de pensamento crítico do alumnado fronte a contidos nas redes.
- Involucrouse á **comunidade local e colaboradores externos**, fortalecendo así o noso labor colectivo na educación.

Non podemos subestimar a importancia de contar cun **ANPA forte e activa** xa que isto non só fortalece a nosa comunidade, senón que tamén nos permite acceder a recursos para enriquecer a educación do noso alumnado.

Convidamos a todas as familias a unirse á ANPA. Xuntas, podemos superar este desafío e traballar para brindar ás nosas crianzas as oportunidades e o apoio que se merecen.

Agradecemos a vosa atención e esperamos contar coa vosa participación nesta curso 23/24.